



ACORDOS DA COMISIÓN BILATERAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A C.A. DE GALICIA O 31 DE XULLO DE 2017 PARA A EXECUCIÓN DA PRÓRROGA DO PLAN ESTATAL DE FOMENTO DO ALUGUEIRO DE VIVENDAS, A REHABILITACIÓN EDIFICATORIA, E A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS, 2013-2016. ANUALIDADE 2017.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que os días 26, 27, 30 e 31 de outubro de 2017, asináronse os seguintes acordos de financiación para a realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas e demais aspectos específicos das distintas Áreas de Rehabilitación Urbana de Galicia, por parte da Comisión bilateral Ministerio de Fomento - IGVS, en execución do previsto no artigo 3.6 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 20'13-2016 e no Convenio de Colaboración suscrito entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución da Prórroga do Plan Estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, anualidade 2017:

- Os Mariñeiros na Coruña (A Coruña),
- Elviña na Coruña (A Coruña),
- Betanzos e a súa zona de protección, en Betanzos (A Coruña),
- Casco Histórico de Corcubión (A Coruña);
- Conxunto Histórico de Neda (A Coruña),
- Casco Histórico de Noia (A Coruña),
- Mugardos (A Coruña),
- Núcleo Histórico de Muros (A Coruña),
- Casco Urbano Histórico de Padrón (A Coruña),
- Casco Histórico de Santiago de Compostela (A Coruña),
- Grupos de Vivendas "Compostela, e Cardeal Quiroga Palacios" do barrio de Pontepedriña en Santiago de Compostela (A Coruña),





- Núcleo de Rianxo, A Fincheira e Rianxiño (A Coruña),
- Polígono de Vista Alegre en Santiago de Compostela (A Coruña),
- Barrio de Vite en Santiago de Compostela (A Coruña),
- Casco Histórico da Vila de Ribadeo (Lugo),
- Núcleo urbano de Quiroga (Lugo),
- Conxunto Histórico e zonas de respecto no Concello de Monforte de Lemos (Lugo),
- Casco Histórico de Mondoñedo e barrios históricos de S. Lázaro e “Os Muiños” (Lugo),
- Casco Antigo de Lourenzán e zonas de respecto, en Lourenzán (Lugo),
- Casco Antigo de Chantada (Lugo), Núcleo de Rinlo en Ribadeo (Lugo),
- Concello rural Sober (Lugo), Casco Histórico de Viveiro (Lugo),
- Centro Histórico de Castro Caldelas (Ourense),
- Entorno do Mosteiro de S. Salvador de Celanova e do Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova (Ourense),
- Casco Histórico de Bouzas en Vigo (Pontevedra),
- Casco Vello de Vigo (Pontevedra),
- Casco Histórico de Tui (Pontevedra),
- Conxunto Histórico de Pontevedra (Pontevedra),
- Núcleo de Estribela en Pontevedra (Pontevedra),
- Conxunto Histórico – Artístico de Combarro en Poio (Pontevedra),
- Casco Vello e Barrio da “Banda do Río Lameira” en Marín (Pontevedra),
- Casco Antigo e zona ampliada de Cangas (Pontevedra),
- Conxunto Histórico de Cambados (Pontevedra),
- Núcleo de Santo Tomé en Caldas de Reis (Pontevedra),
- Núcleo de Vilar de Santos (Ourense),
- Casco Histórico de Ribadavia (Ourense),





- Grupo de Casas Santa Clara, Cabral en Vigo (Pontevedra),
- Rúas Bueu-Moaña, Polígono de Coia en Vigo (Pontevedra),
- Núcleo de Vilaxoán en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra),
- Casco Vello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra),
- Núcleo de Carril en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- Conxunto Histórico de Xunqueira de Ambía (Ourense).
- Barrio de Recimil en Ferrol (A Coruña),
- Barrio Esteiro Vello en Ferrol (A Coruña),
- Barrio da Graña en Ferrol (A Coruña),
- Barrios Históricos A Magdalena e Ferrol Vello en Ferrol (A Coruña).
- Casco Histórico de Ourense (Ourense),
- Núcleo de Seixalbo en Ourense (Ourense),
- Polvorín, Camelias e Carballeira, en Ourense (Ourense),
- Barrios Serra de San Mamede,
- Cruceiro Quebrado e A Inmaculada en Ourense (Ourense).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre as partes que permitan tramitar e xestionar o financiamento da actuación conforme ao establecido nos artigos 3.1 e 30 do Real decreto 233/2013, de 5 de abril, así como no Convenio de Colaboración suscrito entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia o 31 de xullo de 2017, para a execución da prórroga do Plan 2013-2016, e pagar as axudas aos beneficiarios de acordo co establecido na convocatoria que publique con arranxo á normativa reguladora das subvencións.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O Real decreto 637/2016, do 9 de decembro, prorrogou durante un ano o Plan estatal 2013-2016.

Na súa disposición adicional única se indica que as axudas que se concedan durante esta prórroga





do Plan estatal 2013-2016 rexeranse polo establecido no Real decreto 233/2013, do 5 de abril, en todo aquilo que resulte aplicable e non se opoña a outras disposicións de rango superior.

O artigo 3.6 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, establece como requisito específico para financiar as actuacións contempladas no Programa de rexeneración e renovación urbanas, a necesidade da celebración de acordos específicos coas comunidades autónomas e as Cidades de Ceuta e Melilla coa participación dos concellos en cuxo termo municipal se vaia actuar.

En atención ao establecido no artigo 3.2 do citado Real decreto 233/2013, do 5 de abril, o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia asinaron o 31 de xullo de 2017, o Convenio de colaboración para a execución desta prórroga do Plan estatal 2013-2016.

Neste convenio establécense as pautas de colaboración e os compromisos mutuos que asumen as partes para garantir a execución da citada prórroga do Plan estatal 2013-2016. Entre os programas que serán obxecto de financiamento con cargo ao convenio, figura o programa de rexeneración e renovación urbanas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumentos convencionais referidos, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

